

Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2020-2021. Resolución do 9 de xuño de 2020, DOG do 19 de xuño**

## Materia: Lingua galega e literatura

Grao	Medio
Data	9 de setembro de 2020
<input type="checkbox"/> EASD ANTONIO FAÍLDE – Ourense	<input type="checkbox"/> EASD MESTRE MATEO - Santiago de Compostela
<input type="checkbox"/> EASD PABLO PICASSO – A Coruña	<input type="checkbox"/> EASD RAMÓN FALCÓN- Lugo
Alumno/a	DNI:
Cualificación	

### INSTRUCCIÓN

#### Formato

A proba consta de 14 preguntas distribuídas da seguinte forma.

- Primeiro bloque: tres cuestións relacionadas cun texto.
- Segundo bloque: unha cuestión de expresión escrita.
- Segundo bloque: dez cuestións tipo test. Cumprirá elixir unha única resposta correcta para cada pregunta e sinalala na táboa de solucións ás preguntas.

#### Puntuación

- 1 punto por cada pregunta referida ao texto e 2 puntos polo exercicio de redacción.
- 0,5 puntos por cada pregunta tipo test. Haberá unha penalización por erro na resposta das preguntas tipo test de 0,25. Non existirá penalización no caso de non responder.

#### Duración

O tempo máximo para responder: 60 minutos.

#### Execución

As respostas indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

#### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

#### Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.



## BLOQUE 1º.

### TEXTO

Aconsellaba un poema: “Garda as túas lembranzas e, se chegas a vello, que che sirvan”. Loxicamente, imaxino que só se refería ás boas. Ou ao peor, tamén che poden servir as malas. Por exemplo: empezan a resultarme entrañables no recordo aquelas colas infinitas e abafantes na porta dos cines, o suspense de se se ían acabar as entradas cando só che quedaban tres persoas para chegares ao despacho dos billetes, a ansiosa e humillante súplica por elas a eses revendas cuxa vantaxista oferta rexeitaras cun xesto de fastío vinte minutos antes. Todos eses incómodos rituais procurando a túa droga favorita xa son pasado; hai demasiado tempo que só contemplo as salas repletas nos festivais.

Penso no antigo esplendor na herba entanto que espero que comece a proxección de *Profesor Lazhar*, unha fermosa e sentida película canadense sobre a educación que non vira, imperdoablemente, na súa estrea, nin a semana seguinte, nin a outra. Por que esa preguiza cara a determinadas cousas que pagan a pena, estreadas con publicidade mínima, necesitadas de que alguén fale delas? Ignóroo, pero síntome fatal pola miña demora, pola miña irracional desidia. Ocorreume tamén con ese sombrío e devastador retrato das seitas titulado *Martha Marcy May Marlene*, ou co horror sen tregua instalado no cerebro dun esquizofrénico que describe *Take Shelter*. Ben..., mellor tarde que nunca, que diría miña nai. Estou tan absorto na miña constrición que non me decatei de que estou só na sala. Cos títulos de crédito percibo que entrou outro náufrago. Debe ser tan maniático coma min. Colócase na butaca central da derradeira fila nunha sala baleira. Non hai anoxo no sagrado reparto do territorio.

Ocórreme con tenebrosa frecuencia esa soidade extrema naqueles **lugares sagrados** que na prehistoria adoitaban estar repletos, cando os espectadores se rían ou se asustaban xuntos. E sabes que a fin está próxima, que o cine será un pracer só doméstico, que a vella e sempre milagreira cerimonia xa se clausura.

Procuo na carteleira algunha estrea nas últimas semanas que me apeteza ver e non a atopo. As distribuidoras saben que loitar contra o Mundial, competir con el, compartir o lecer, é unha batalla perdida. Imaxino que reservan os seus **pratos fortes** para o cobizado momento en que a **ditadura do fútbol** lles regale unha tregua. No entanto, ofrecen saldos, estrean para o seu consumo rápido os **parruliños feos**. Pero ninguén semella interesarse por eles, empeñados en ser autores, carne patética de festivais.

Suponse que, malia o Mundial, os cines españois deberían terse enchido novamente con algunha boa película. Pero os que controlan o negocio non ven segura a aposta. Esperarán que as autoridades patrias deixen de dar eufóricos saltiños cos goles da selección española para estrear esa película que recende a saborosas recadacións. Oxalá se volvan encher os cines, que haxa unha grande festa antes do enterro.



- **1. Faga, en tres ou catro liñas, un resumo do texto onde quede claramente reflectida a idea principal deste. Logo, sintetíceo nun título axeitado:**

- Resumo:

- Título:

- **2. Explique o significado que as seguintes expresións teñen neste texto (no que aparecen remarcadas en negra). Pídese explicación do significado, non simplemente un sinónimo:**

- Lugares sagrados:

- Ditadura do fútbol:

- Pratos fortes:

- Parruliños feos:

- **3. Escriba tres adxectivos e un adverbio que aparezan no texto e indique en que liña aparece cada un:**

•



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



---

Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

### BLOQUE 2º.

- **4. Redacte un pequeno texto de aproximadamente quince liñas relacionado dalgunha maneira co cine (importancia deste medio de lecer e comparación con outros; posibilidade de subsistencia das salas; novas plataformas para acceder a el; algún director ou película do seu interese etc.).**



• **BLOQUE 3º.**

• **5. Indique a resposta correcta indicando a letra correspondente no cadro da derradeira páxina.**

▪ **1. As palabras "fastío" e "maniático", que aparecen no texto, levan acento. A razón é a seguinte:**

- a) Trátase, nos dous casos, de tiles diacríticos.
- b) "Fastío" leva til para marcar que hai hiato; "maniático" lévao por ser esdrúxula.
- c) "Fastío" lévao por ser grave rematada en vogal; "maniático" para desfacer o ditongo.

▪ **2. As formas verbais "comece" (liña 8) e "vira" (liña 9) están en:**

- a) "Comece" en pretérito de subxuntivo; "vira" en infinitivo.
- b) "Comece" en futuro de subxuntivo; "vira" en pretérito imperfecto de indicativo.
- c) "Comece" en presente de subxuntivo; "vira" en pretérito pluscuamperfecto (ou antepretérito) de indicativo.

▪ **3. A palabra "espectador" é:**

- a) Simple.
- b) Derivada por sufixación.
- c) Composta.

▪ **4. Na primeira liña do texto pode haber un erro lingüístico; Identifíqueo.**

- a) Onde pon "che sirvan" debería poñer "sírvanche".
- b) A palabra "loxicamente" debe ir acentuada graficamente.
- c) Non hai erro ningún; está correcta.

▪ **5. Na estrutura "Procuo na carteleira algunha estrea nas últimas semanas", a secuencia "Procuo na carteleira algunha" realiza a función de:**

- a) Complemento axente.
- b) Suxeito.
- c) Non realiza función ningunha nesa estrutura.



- 6. Unha destas é a definición que o dicionario da RAG propón para a palabra "pronome".
  - a) Palabra que pode desempeñar as mesmas funcións ca un nome e carece de valor semántico constante.
  - b) Palabra que expresa calidades atribuídas a obxectos expresados na lingua por substantivos, aos cales acompaña concordando en xénero e número
  - c) Palabra con variacións de número, persoa, tempo e modo, que expresa accións, estados ou procesos e desempeña a función de predicado dentro da oración.
  
- 7. Sinale a secuencia correcta:
  - a) Sinaléi, sinalaches, sinalóu, sinalamos, sinalachedes, sinalaron.
  - b) Andei, andaches, andou, andamos, andastes, andaron.
  - c) Produzca, produzcas, produzca, produzcamos, produzcades, produzcan.
  
- 8. Sinale a secuencia correcta:
  - a) Doutora - xuiza - vinteunha - servicio - dezaséis - bisaboa.
  - b) Doutora - xuíza - vinte e unha - servizo - dezaseis - bisavoa.
  - c) Doctora - xuíza - vinteunha - servizo - dezaséis - visaboa.
  
- 9. Indique a secuencia cronoloxicamente correcta:
  - a) Cantigas de amigo - Séculos Escuros - Rosalía de Castro - Castelao.
  - b) Rosalía de Castro - Cantigas de amigo - Séculos Escuros - Castelao.
  - c) Séculos Escuros - Castelao - Cantares de Amigo - Rosalía de Castro.
  
- 10. A normativa oficial actual da lingua galega:
  - a) Baséase na utilizada por Afonso X nas cantigas e actualizouse no Rexurdimento.
  - b) Foi aprobada en 1982 e a última reforma é de 2003.
  - c) Foi establecida por Airas Nunes, Pondal, Castelao e Uxío Novoneyra, reunidos en sesión plenaria na sede do Instituto da Lingua Galega.



Táboa de solucións ao test			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2020-2021. Resolución do 9 de xuño de 2020, DOG do 19 de xuño**

## **Materia:** Lingua galega e literatura. Solucións

Táboa de solucións ao test			
Nº	A	B	C
1		B	
2			C
3		B	
4			C
5			C
6	A		
7		B	
8		B	
9	A		
10		B	